



Ref.-AEG/xps
149/18

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E A REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Consellería de Sanidade, DECLARA:

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia é unha corporación de dereito público que ten por finalidade principal a investigación no campo das ciencias médicas e afíns, en beneficio do interese xeral, e atópase inscrita no Rexistro Xeral de Academias de Galicia, tal como establece o Decreto 392/2003, de 23 de outubro, que regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de Academias de Galicia.

Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, así coma outras inherentes á adscrición producida.

Correspondente á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2 da Constitución Española, e de desenvolvemento lexislativo e execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, Academias, que teñan o seu domicilio no territorio da Comunidade Autónoma, asumindo especificamente as referidas nos acordos alcanzados no contexto da declaración do Pleno da comisión bilateral de Cooperación Administrativa Xeral do Estado-Comunidade Autónoma de Galicia na sesión do día vinte e nove de setembro de dous mil tres, de recoñecemento de competencias da Comunidade Autónoma de Galicia sobre, entre outras, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia.

A Consellería de Sanidade ten previsto formalizar, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da Consellería de Sanidade no financiamento do funcionamento da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, para asegurar a contribución desta ao estudo e investigación das ciencias médicas a través de accións e actividades científicas que esta corporación de dereito público ten recoñecidas nos seus estatutos e leva a cabo en beneficio do interese xeral.

Para o cumprimento deste Convenio, a Consellería de Sanidade comprométese a achegar a cantidade de TRINTA MIL EUROS (30.000 €), con cargo a aplicación orzamentaria 1101.411A.481.0 prevista nominativamente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Consonte o Decreto 373/2003, do 16 de outubro, sobre a asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia de funcións en materia de Academias e a súa asignación aos distintos departamentos da Xunta de Galicia, a Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia quedou adscrita á Consellería de Sanidade, correspondéndolle a esta o exercicio das funcións determinadas no xa citado Decreto 392/2003, do 23 de outubro, así coma outras inherentes á adscrición producida.

Como consecuencia de dita adscrición, a Consellería de Sanidade ven colaborando no sostemento da RAMCYG, a través dunha asignación nominativa nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada.

